



Concello de Bueu

Expediente	3189/2019
Código SIA	1428945
Procedemento	Seleccións de Persoal e Provisións de Postos
Asunto	Procedemento para a cobertura dunha praza de Técnico de administración Xeral en réxime de interinidade do Concello de Bueu
Documento	Anuncio do Tribunal
Trámite	Cualificación definitiva obtida no segundo exercizo "Proba práctica" (obligatorio e eliminatorio) e prazo para a acreditación documental da exención da realización do terceiro exercizo "Coñecemento da lingua galega"

Anuncio do Tribunal

1º.- CUALIFICACIÓN DEFINITIVA OBTIDA NO SEGUNDO EXERCIZO "PROBA PRÁCTICA".-

Finalizado o prazo para a presentación de reclamacións e alegacións á cualificación provisional obtida pola aspirante que concorre á celebración e posterior lectura pública do segundo exercizo "Proba práctica" (obligatorio e eliminatorio), sen terse presentada alegación ou reclamación algunha, a cualificación provisional obtida pola aspirante que comparece á realización e posterior lectura pública da citada proba queda elevada a definitiva.

Pode consultar o texto íntegro do anuncio do Tribunal, de data 15.10.2020, que contén a cualificación provisional elevada a definitiva, identificado co código seguro de validación (CSV) núm. 7QQSXLG76LNTS6TMEC4L4STTF, mediante a introdución de dito código na pestana relativa a "INFORMACIÓN XERAL" apartado "validación de documentos" da sede electrónica do concello de Bueu (<https://bueu.sedelectronica.gal/>).

2º. PRAZO PARA A ACREDITACIÓN DOCUMENTAL DA EXENCIÓN DA REALIZACIÓN DO TERCEIRO EXERCIZO "COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA", SOLICITADA POR ALBA CARRERA DACUÑA, ÚNICA ASPIRANTE QUE TEN SUPERADOS O PRIMEIRO E SEGUNDO EXERCIZO.-

Tendo en conta que ALBA CARRERA DACUÑA, única aspirante que ten superados o primeiro e segundo exercizo, "Probas teóricas" e "Proba práctica", respectivamente, do citado procedemento, ten formulada solicitude de exención da realización do terceiro exercizo de coñecemento da lingua galega, na presentación da súa solicitude de participación no proceso selectivo (RE núm. 2020-E-RE-466 de 8.3.2020), nos termos previstos no parágrafo 4º do apartado 2º da base 5ª das bases reguladoras, que dispón:

"Os aspirantes que soliciten a exención da realización do terceiro exercizo deberán declarar, no senso indicado no Anexo II, dispor, no momento de presentación da solicitude de participación no procedemento, do certificado CELGA 4 ou equivalente, a efectos de quedar eximidos da realización do terceiro exercizo de coñecemento da lingua galega.

En aplicación do citado parágrafo 4º do apartado 2º da base 5ª que dispón:

"A documentación acreditativa do certificado CELGA 4 ou equivalente deberá presentarse posteriormente de acordo co indicado na base 8ª.2 c."

Concello de Bueu





Concello de Bueu

E de acordo coa regulación contida ao respecto na letra c), “Terceiro exercicio: Coñecemento da lingua galega”, do apartado 2º da referida base 8ª das bases reguladoras, **o Tribunal concede a ALBA CARRERA DACUÑA, única aspirante que ten superados o primeiro e segundo exercizo, “Probas teóricas” e “Proba práctica”, respectivamente, do procedemento selectivo para a cobertura dunha praza de Técnico de administración Xeral en réxime de interinidade do Concello de Bueu, o prazo máximo de (02) dous días hábiles (20 e 21 de outubro), que se contará dende a publicación do presente anuncio no que o Tribunal fai pública a cualificación definitiva do segundo exercicio, no Taboleiro electrónico de Anuncios do concello (<https://bueu.sedelectronica.gal>), co obxecto de que a citada aspirante presente a documentación acreditativa (documentos orixinais ou copias auténticas) do certificado Celga IV ou o equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo).**

A documentación acreditativa (documentos orixinais ou copias auténticas) do certificado Celga IV ou o equivalente deberá presentarse mediante instancia dirixida á Presidenta do Tribunal do seguinte xeito:

1º. Presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Se a documentación é presentada a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser selada e datada antes de ser certificada.

Non obstante, de cara a axilización na tramitación da fase de acreditación do coñecemento da lingua galega, no suposto de presentación da documentación esixible para acreditar a exención noutros Rexistros ou a través de correo postal na forma establecida regulamentariamente, se roga adiantar copia da documentación enviada a través de correo electrónico á dirección secretaria@concellodebueu.gal, achegando copia selada da solicitude presentada no organismo correspondente

2º.- No rexistro xeral do concello de Bueu sito na planta baixa da casa consistorial do concello de Bueu (RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA).

O horario de atención ao público do Rexistro é de 9,00 a 14,00 horas.

3º.- Electronicamente, mediante tramitación electrónica da correspondente instancia xeral á que se accede dende a pestaña “Catalogo de trámites” da sede electrónica do concello de Bueu (<https://bueu.sedelectronica.gal>)

Se a aspirante non achega o citado documento no senso indicado no paragrafo anterior do presente anuncio, estará obrigada a realizar o terceiro exercicio relativo ao coñecemento da lingua galega, para o cal será convocada polo Tribunal mediante anuncio publicado no taboleiro electrónico de anuncios do concello (<https://bueu.sedelectronica.gal>) (apartado “INFORMACIÓN XERAL”- Taboleiro de anuncios/sección “Emprego Público”) e, de forma complementaria, na páxina web do concello (apartado “Cidadanía”-“Procesos selectivos”-1-Proceso selectivo técnico/a administración xeral “).

Cumprimentadas as actuacións anteriores, procederase, no seu caso, nos termos que resultan da base 9ª das bases reguladoras relativas á “Cualificación final e relación de aprobados”.

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: JMJ2X5MP254DRKFJ5AQGK7ZGK | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



Concello de Bueu

Sen prexuízo das alegacións ou solicitudes que a aspirante considere oportunas realizar, contra as resolucións do Tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo das administracións públicas.

Non obstante, a interesada tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a dereito.

O que se fai publico mediante anuncio no taboleiro electrónico de anuncios do concello (<https://bueu.sedelectronica.gal> (apartado "INFORMACIÓN XERAL"- Taboleiro de anuncios/sección "Emprego Público") sen prexuízo de que, de forma complementaria, se publique na páxina web do concello (apartado "Cidadanía"- "Procesos selectivos"-1- Proceso selectivo técnico/a administración xeral "), para coñecemento dos candidatos no procedemento selectivo de referencia, en aplicación en aplicación das bases 8ª.3 e 14ª.2 das bases reguladoras do procedemento selectivo.

Documento asinado electronicamente á marxe

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: JM2X5MP254DRKFJ5AQGK7ZGK | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3